



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xuño 2020

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xuño 2020

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 1,1% en Galicia en xuño de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 3,3%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 3,5% e no Resto de produtos un 4,4%.
- As vendas minoristas aumentan en cinco comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 0,5% en Galicia no mes de xuño de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España o descenso é dun 4,9%.
- O índice xeral de ocupación diminúe o 2,2% en Galicia e o 3,7% no conxunto do Estado.
- A ocupación diminúe en todas as comunidades autónomas no mes de xuño.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xuño 2020

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	107,6	1,1	-6,0
Xeral sen estacións de servizo	110,5	3,8	-4,0
Alimentación	101,2	3,5	4,8
Resto	117,9	4,4	-10,5

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	1,1	-6,0
Xeral sen estacións de servizo	3,8	-4,0
Alimentación	3,5	4,8
Resto	4,4	-10,5

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 1,1% en Galicia en xuño de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 3,3%.

A partir do 4 de xuño os establecementos comerciais foron abrindo paulatinamente e de forma diferenciada por comunidade autónoma segundo a fase de desescalada na que se foron atopando ata o fin do estado de alarma o 21 de xuño, o que incrementou as vendas minoristas respecto aos dous meses precedentes.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 3,8% respecto a xuño de 2019 en Galicia, superando en 10,8 puntos a taxa de maio. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 3,5% en Galicia (0,7 puntos menos que no mes anterior) mentres que diminúe un 1,4% no conxunto de España (taxa inferior á do mes de maio, -1,3%).
- O Resto de produtos rexistra un incremento do 4,4% en Galicia (taxa 19,9 puntos superior á de maio) e un descenso do 1,2% no conxunto do Estado (fronte á caída do 31,4% en maio).

Na primeira metade do ano, o índice xeral diminúe un 6,0% en Galicia e un 10,6% no conxunto de España. As vendas en Alimentación aumentan un 4,8% en Galicia e un 1,6% en España. As vendas no Resto de produtos diminúen un 10,5% en Galicia e un 17,5% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -0,9%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en xuño en cinco comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Asturias (3,7%), Madrid (1,6%) e Galicia (1,1%). As maiores baixadas rexístranse en Illes Balears (-21,0%) e Canarias (-11,9%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xuño 2020

Taxas de variación en %



No que vai de ano, rexístranse descensos nas vendas en todas as comunidades autónomas. As maiores caídas rexístranse en Illes Balears (-17,8%) e Canarias (-16,7%). Os menores descensos danse en Galicia (-6,0%) e Castilla – La Mancha (-7,7%).


3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes diminúe un 0,5% en Galicia no mes de xuño de 2020, e un 4,9% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 4,0% en Galicia mentres que diminúe un 1,4% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 6,6% e no Resto de produtos un 2,2%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación crecen o 1,2% e no Resto de produtos diminúen o 3,3%.

Índices de comercio polo miúdo. Xuño 2020

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	109,2	-0,5	-7,2
Xeral sen estacións de servizo	113,6	4,0	-4,3
Alimentación	109,7	6,6	7,3
Resto	116,0	2,2	-12,5



No que vai de ano, o índice xeral diminúe un 7,2% en Galicia e un 11,7% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 7,3% en Galicia e un 4,2% en España mentres que diminúen as vendas do Resto de produtos, -12,5% en Galicia e -19,6% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación¹ amosa unha taxa de variación interanual do -2,2% no mes de xuño en Galicia e do -3,7% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, o persoal ocupado diminúe un 0,6% en Galicia e un 1,5% en España.


¹ Nos datos de emprego hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista diminúe en xuño en todas as comunidades autónomas. Os maiores descensos rexístranse en Illes Balears (-11,3%) e Canarias (-6,0%). As menores baixadas amósanse en Aragón (-1,1%), País Vasco (-1,3%) e La Rioja (-1,8%).

Índice xeral de ocupación. Xuño 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC².

² Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xuño 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	109,2	-0,5	-7,2	107,6	1,1	-6,0
Xeral sen estacións de servizo	113,6	4,0	-4,3	110,5	3,8	-4,0
Alimentación	109,7	6,6	7,3	101,2	3,5	4,8
Resto	116,0	2,2	-12,5	117,9	4,4	-10,5
España						
Xeral	106,3	-4,9	-11,7	104,7	-3,3	-10,6
Xeral sen estacións de servizo	109,2	-1,4	-9,3	106,5	-1,4	-9,0
Alimentación	110,7	1,2	4,2	102,4	-1,4	1,6
Resto	108,0	-3,3	-19,6	110,0	-1,2	-17,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xuño 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	104,3	-3,3	-7,2	105,2	-0,9	-5,7
Xeral sen estacións de servizo	109,9	2,2	-4,7	108,1	2,3	-4,0
Alimentación	109,9	6,6	6,8	101,7	3,7	4,3
Resto	109,6	-0,9	-13,3	112,5	1,3	-11,2
España						
Xeral	104,0	-6,3	-12,0	103,0	-4,7	-11,0
Xeral sen estacións de servizo	108,6	-2,2	-9,7	106,3	-2,4	-9,5
Alimentación	110,4	0,4	3,6	102,0	-2,3	1,1
Resto	106,8	-4,0	-20,3	109,6	-2,2	-18,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xuño 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,3	-4,9	-11,7	104,7	-3,3	-10,6
Andalucía	104,3	-5,3	-12,5	102,8	-4,0	-11,7
Aragón	107,3	-1,6	-11,9	106,6	0,7	-10,4
Asturias	104,2	1,2	-10,2	103,6	3,7	-8,7
Balears, Illes	101,7	-22,2	-18,9	100,8	-21,0	-17,8
Canarias	93,6	-11,9	-16,5	91,0	-11,9	-16,7
Cantabria	99,7	-4,0	-10,5	97,8	-2,3	-9,4
Castilla y León	98,5	-5,3	-12,7	97,2	-3,2	-11,4
Castilla-La Mancha	109,0	-2,8	-8,9	107,4	-0,7	-7,7
Cataluña	99,9	-8,9	-13,8	97,5	-7,0	-12,7
Comunitat Valenciana	110,5	-2,5	-9,8	109,9	-0,8	-8,5
Extremadura	95,5	-4,5	-11,1	94,2	-3,5	-10,2
GALICIA	109,2	-0,5	-7,2	107,6	1,1	-6,0
Madrid	120,9	-0,1	-9,5	119,4	1,6	-8,3
Murcia, Región de	105,6	-5,5	-12,9	104,4	-4,1	-12,1
Navarra	105,8	-6,5	-12,7	103,7	-4,3	-11,5
País Vasco	109,0	-0,4	-9,1	106,3	0,6	-8,4
Rioja, La	105,7	-2,3	-10,5	103,7	-0,1	-9,2
Ceuta	86,4	-12,5	-17,0	84,9	-11,8	-16,1
Melilla	84,1	-19,0	-20,7	82,4	-18,8	-20,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xuño 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,6	-2,2	-0,6
Xeral sen estacións de servizo	102,3	-2,0	-0,6
España			
Xeral	101,9	-3,7	-1,5
Xeral sen estacións de servizo	101,9	-3,7	-1,5

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Xuño 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,9	-3,7	-1,5
Andalucía	98,2	-4,7	-1,9
Aragón	102,8	-1,1	-0,6
Asturias	103,7	-3,5	-2,0
Balears, Illes	104,6	-11,3	-5,1
Canarias	102,2	-6,0	-2,6
Cantabria	100,3	-2,7	-1,5
Castilla y León	102,1	-2,5	-1,0
Castilla-La Mancha	99,3	-2,9	-1,5
Cataluña	102,1	-3,6	-1,2
Comunitat Valenciana	107,1	-2,6	-0,4
Extremadura	99,9	-2,8	-1,4
GALICIA	102,6	-2,2	-0,6
Madrid	101,9	-3,8	-1,7
Murcia	102,4	-4,1	-1,9
Navarra	99,9	-4,3	-2,2
País Vasco	102,7	-1,3	-0,8
Rioja, La	104,1	-1,8	-0,2
Ceuta	100,2	-2,1	-1,2
Melilla	100,6	-3,3	-2,1

Fonte: INE